Cistus psilosepalus Sweet, 1826

- carpaza/o, consolda
- carpazo/a, ardivieja
- jara, estepa
- ciureny, ciuró
- rockrose
- sanganho



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Malvales**	**Cistaceae**	***Cistus***

ORIXE

Metade occidental da Península Ibérica.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto baixo e moi ramificado que pode alcanzar ata os 120 cm de altura. As follas son opostas, oblongas u oblongo-lanceoladas, dun verde intenso, rugosas, con 3 nervios ben marcados e cubertas de pelos simples e estrelados. O pecíolo é plano e apenas visible, dando a impresión de que as follas están sentadas. As flores poden ser solitarias ou estaren en grupos (cimas). Teñen 5 pétalos branco-ebúrneos cunha distintiva mancha amarela na base. O froito é unha cápsula ovoidea de cor escura que se abre en 5 valvas para liberaren as sementes.

HÁBITAT

Matogueiras en zonas de influencia oceánica, preferindo solos areosos, ácidos e húmidos, cunha altitude de entre 0 e 1100 m, atopándose tamén no litoral atlántico francés.

DISTRIBUCIÓN

Metade occidental da Península Ibérica estendéndose por algunhas zonas do litoral atlántico francés.

CURIOSIDADES

É moi sensible ás xeadas e aos enchoupamentos. Tradicionalmente atribúenselle propiedades antioxidantes para a saúde.